



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Consellería de Economía e Industria, a través da Axencia Galega de Innovación, no marco do seu apoio ao incremento da competitividade das empresas galegas a través da innovación recollido na Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3), vén de seleccionar as pemes que participarán na **primeira edición do PROGRAMA AGROBIOTECH INNOVACIÓN**. Ao longo de sete meses, once empresas dos sectores agroalimentario, biotecnolóxico e da biomasa, recibirán soporte individualizado para incrementar o seu potencial innovador e acceder a novos mercados e vías de financiamento.

Cun investimento total de **700.000 euros**, Agrobiotech Innovación proporcionará unha **folia de ruta á medida de cada peme** en función das súas necesidades e axudarlle a desenvolvela baixo a **tutorización dun cualificado equipo de expertos e mentores**, que se desprazarán a cada empresa para traballar man a man cos seus responsables. O obxectivo é lograr que cada unha aumente a súa facturación e incremente nun 15% a introdución de produtos innovadores no mercado e noutro 15% as súas vendas no exterior.

Así mesmo, as pemes participantes recibirán **soporte especializado e práctico** para acceder ao programa europeo Horizonte 2020, a novos instrumentos financeiros e a fondos de capital risco, co apoio de Xesgalicia. Polo que se refire á proxección exterior, as empresas recibirán soporte no seu acceso aos programas de internacionalización e aos préstamos Jeremie do IGAPE. Ademais, o Agrobiotech, xestionado pola Axencia Galega de Innovación (GAIN), contará coa colaboración das asociacións de empresas bio galega e española (Bioga e Asebio).

Ademais, o programa de aceleración da innovación completárase con **accións de capacitación abertas a outras empresas** destes sectores que terán lugar nas bases operativas de Agrobiotech Innovación: o Parque Tecnolóxico de Galicia - Tecnópole, en Ourense, e o Centro Tecnolóxico Agroalimentario - Cetal, en Lugo.

As empresas que se integran no AgroBiotech proceden das catro provincias galegas (tres de Lugo, unha de Ourense, dúas de Pontevedra e cinco da Coruña). O sector con maior representación é o da biotecnoloxía, composto por empresas que xa demostraron a súa capacidade innovadora e que agora

precisan consolidar un posicionamento competitivo no mercado. Trátase de **AMSlab**, **Nanogap**, **Galchimia**, **Cifga**, **Fica Bosques Naturales** e **Ecocelta Galicia**, que basean a súa actividade no desenvolvemento de novos métodos analíticos, na nanotecnoloxía, na síntese de fármacos innovadores, nos certificados de biotoxinas mariñas, na explotación de madeiras nobres e na valorización de residuos mediante a compostaxe, respectivamente.

Do sector agroalimentario participarán tres empresas que aspiran a desenvolver as súas gamas de produtos innovadores e expandir os seus mercados. Son **CodeBio**, **Freshcut** e **Vitivinícola do Ribeiro**, orientadas á produción de complementos alimenticios de alto valor nutricional, ao deseño de novas gamas de froitas e hortalizas para o consumo directo e á elaboración de bebidas innovadoras. O sector da biomasa está representado por **Cerna** e **Betanzos HB**, ambas as dúas centradas na valorización dos residuos forestais como recursos enerxéticos.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí. Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.